

PROXIMIDADE LLUNYANA

7 de setembro
De 17:00 a 19:00 h.

OBRADOIROS PREVIOS Á INAUGURACIÓN

Proximidade Llunyana plasma a dimensión espacial e temporal da emigración de Lugo a Barcelona no século XX, a través da testemuña das mulleres que nos achegan á realidade do éxodo rural da posguerra.

Para acompañar a inauguración de Proximidade Llunyana e apoiar a conmemoración destas mulleres, o día 7 de setembro de 17:00 a 19:00 horas terán lugar ao mesmo tempo dous obradoiros: un para todas as persoas adultas que queiran participar –Pegadas na tea– e outro para as crianzas e adolescentes que as acompañen –Teatro na maleta–.

PEGADAS NA TEA

Neste obradoiro pensado para todos os públicos, as persoas participantes representarán o seu pasado e mais o das súas devanceiras en láminas de tea. Deixaremos pegadas de pintura que contarán as historias soterradas na migración.

As asistentes poderán traer fotos ou obxectos que simbolizen esta época. Xuntas veremos posibles formas de plasmalas para sempre en pezas que poderán levar canda elas.

TEATRO NA MALETA

Este obradoiro para crianzas e adolescencia consistirá na creación dunha obra de teatro baseada na migración, as historias familiares, a memoria colectiva e o amor ás raíces. A peza final será representada antes da inauguración e ten como obxectivo conectar ás crianzas coas historias e testemuños da exposición mesma.